

DSpace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

---

Rosa Mouzo Villar / Carolina Pérez Capelo / Soraya Suárez Quintas (2015): “Edición e elaboración dos materiais galegos do *ALPI*”. *Gallæcia – III Congreso Internacional de Linguística Histórica*. Universidade de Santiago de Compostela, 27-30 xullo 2015.

---



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:


- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

# EDICIÓN E ELABORACIÓN DOS MATERIAIS GALEGOS DO ALPI

Rosa Mouzo Villar, Carolina Pérez Capelo e Soraya Suárez Quintas

## O ALPI

O *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* (ALPI) é un atlas das variedades románicas da Península Ibérica ideado por Ramón Menéndez Pidal no primeiro cuarto do século XX. A dirección do proxecto foille confiada ó seu discípulo Tomás Navarro Tomás. As investigacións de campo iniciáronse en 1934 e non remataron ata 1954. Dos 10 tomos previstos no proxecto inicial só chegou a publicarse un en 1962.



Ramón Menéndez Pidal



Rede de puntos do Atlas Lingüístico de la Península Ibérica



A. Otero entrevistando a un pastor


A recollida dos materiais do proxecto foi desenvolvida por tres equipos de investigadores que repartiron as tres áreas do dominio peninsular (527 localidades):

- Área castelá: Aurelio M. Espinosa e Lorenzo Rodríguez Castellano.
- Área valenciano-catalá: Francesc de Borja Moll e Manuel Sanchís Guarner.
- Áreas galega e portuguesa: Aníbal Otero, Rodrigo de Sá Nogueira, Armando Nobre de Gusmão e L. F. Lindley Cintra.

## O proxecto actual

O proxecto actual de *Edición e elaboración dos materiais galegos do ALPI* ten como principais obxectivos:

- editar todos os materiais recollidos nos cadernos
- poñer á disposición da comunidade científica unha ferramenta que permita consultar a información textual e gráfica, e tamén obter representacións cartográficas das cuestións contidas nos cadernos.




O proxecto desenvólvese baixo a coordinación do Centro de Ciencias Humanas y Ciencias Sociales do CSIC e en colaboración con distintas universidades:

- Universidade de Lisboa
- Universitat de Barcelona
- Universidad Autónoma de Madrid
- University of Western Ontario
- Universidade de Santiago de Compostela (ILG)

## O proxecto no ILG

Os cadernos orixinais dos 53 puntos enquisados en territorio galego atópanse no Instituto da Lingua Galega, onde están a ser dixitalizados e editados baixo a dirección de Xulio Sousa. A información dos cuestionarios foi incorporada a unha base de datos deseñada seguindo as seguintes fases:

- Conversión do alfabeto fonético RFE a IPA
- Reprodución das anotacións dos investigadores
- Adxudicación dun campo semántico a cada rexistro
- Incorporación dos debuxos elaborados polos enquisadores




Os datos do ALPI mostran unha imaxe moi rica e interesante da paisaxe lingüística da Galicia de comezos do século XX. A información contida nos cadernos está sendo obxecto de análises desenvolvidas no seo do grupo de investigación do ILG. Desde a páxina do centro poden consultar e descargar moitas destas contribucións (<http://ilg.usc.es>).


Na actualidade tamén se está a traballar na confección dunha páxina web que ofrecerá información descritiva de todo o proxecto.

## Mapas


Dubert & Sousa 2009



Carrilho & Sousa 2013



Mouzo & Pérez 2013



Membros do equipo: Xulio Sousa Fernández (coord.), Rosa Mouzo Villar, Carolina Pérez Capelo e Soraya Suárez Quintas